

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL PARA A **CONTRATACIÓN** DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE MUXIA

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a contratación de 6 persoas durante 3 meses aprox, a T/Pr como AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR do Concello de Muxía.

O proceso selectivo será o concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP).

II. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

.Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.

.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

.Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

.Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.

.Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

.Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto Básico do Empregado Público.

.Ley 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

.Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

.Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores.

III. RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral temporal, en réxime de dedicación a tempo parcial

IV. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TREBEP: 1.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

2.- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

3.- Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do **Título de Formación Profesional de Grao Medio de Atención Sociosanitaria ou equivalente, regulado no RD 496/2003, de 2 de maio, Título de Formación Profesional de Grao Medio en Coidados Auxiliares de Enfermería ou equivalente, regulado no RD 546/1995, do 7 de abril, ou do Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto.**

4.- Estar en posesión do permiso de condución clase B e coche, e **declaración responsable de poder conducir e non ter impedimento para facelo.**

5.- Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.

6.- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por

resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

7.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

8.- Estar en posesión do permiso de condución B1.

V. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

Xunto coa solicitude débense achegar fotocopias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación e os que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso de méritos. Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas Bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.
- 2.- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo.
- 3.- Fotocopia do Título de Técnico en Atención Sociosanitaria, Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería ou equivalente, ou do Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente**
- 4.- Fotocopia do permiso de condución clase B en vigor.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Muxía , **no prazo de 5 días naturais seguintes ao da convocatoria na pax web municipal .**

As instancias tamén poderán presentarse a través do procedemento previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Estas Bases e Convocatoria serán publicadas no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello www.concellomuxia.com e App Muxía Informa (plataforma ios e Android).

VI. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.- Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal (www.concellomuxia.com) e App Muxía Informa, no día seguinte ao de expiración do prazo, ás 10 h. Contra esta relación os interesados poderán formular reclamacións ou emenda de erros ata as 14 h dese mesmo día. No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta coma definitiva.

2.- As reclamacións presentadas serán resoltas polo tribunal e publicaranse as listas definitivas no taboleiro de anuncios do Concello, na paxina web municipal e na App Muxía Informa o día 27 ás 10 h.

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicarase na páxina web do Concello: www.concellomuxia.com, na App e no taboleiro de edictos da Corporación.

VII. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador do Proceso Selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e estará composto exclusivamente por persoal funcionario.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección.

O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

VIII. PROCESO SELECTIVO

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e a segunda fase na oposición.

A selección efectuarase o día 27 de xullo. Ás 12 h na Casa Consistorial.

PRIMEIRA FASE: CONCURSO. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS.

Méritos que se valorarán:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo de auxiliar de axuda a domicilio. Ata un máximo de 2 puntos.

Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de Auxiliar de axuda a domicilio, mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos.

Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de Auxiliar de axuda a domicilio ou equivalente, mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

2.- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 1 punto, de acordo coa seguinte escala:

- a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,05 puntos
- b) Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,10 puntos
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,20 puntos.
- e) Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,50 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación de copia simple do título ou do certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas. No caso de non figurar o número de horas baremarase pola puntuación mínima.

As persoas que sexan seleccionadas deberán presentar, antes da formalización do contrato, os orixinais do título ou do certificado de realización de cada curso.

Non se terán en conta aqueles cursos cuxa realización fose precisa para a obtención da titulación esixida para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA 7 PUNTOS.

A Fase de Oposición consistirá na realización dun exercicio que conterà dúas partes:

Primería parte: Exame escrito tipo test que versará sobre os coñecementos teóricos e prácticos do posto de traballo, segundo o seguinte temario:

- Hixiene e atención sanitaria domiciliaria.
- Atención e apoio psicosocial domiciliario.
- Apoio domiciliario e alimentación familiar.

Cualificarase cunha puntuación de ata 4 puntos.

Puntuación Mínima para considerarlo superado: 2

Segunda parte: Exercicio escrito ou tipo test, sobre coñecementos relativos ao temario seguinte:

-Ordenanza Municipal de Axuda no Fogar

-Lei de Servizos Sociais de Galicia.

-A organización institucional do Concello de Muxía

-O Territorio do Concello de Muxía e equipamentos.

- O persoal ao servizo das AAPP.

Cualificarase cunha puntuación de ata 3 puntos.
Puntuación Mínima para consideralo superado: 1,5

IX. RESOLUCIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN.

A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 10 puntos.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello, e elevará dita relación ao Alcalde-Presidente que aprobará a relación de candidatos que superaron a fase de oposición e a súa orde de prelación. Non poderase declarar aprobados máis aspirantes que postos ofertados.

Os candidatos/as seleccionados deberán presentar, con carácter previo á sinatura do contrato, a documentación orixi nal ou compulsada que se dispón na base V.

MUXÍA 18 DE XULLO DE 2018

